

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Ramón Otero Pedrayo do 04/01/1961

Colección:

Data: 04/01/1961

De:

Manuel Puente;

Para:

Ramón Otero Pedrayo;

Orixe:

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

Trasalba (parroquial), Amoeiro (municipal), Ourense (comarcal)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE. Na carta vai escrito que é copia dunha carta enviada].

Mencionados:

Xosé Abraira; Rodolfo Prada; Luís Seoane; Lois Tobío Fernández;

Notas do editor:

Carta de 2 páxinas. Copia sen asinar.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Puente, a Ramón Otero Pedrayo do 04/01/1961

Manuel Puente
Buenos Aires Enero 4 de 1961

Señor Don
Ramón OTERO PEDRAYO
TRASALBA (OURENSE)

–COPIA–

Meu querido Don Ramón:

Estou seguro que vostede estará estrañado da falta das miñas noticias, en tanto tempo, pero pódolle asegurar que naidas como eu estaba sofrendo por non poder escribirlle algo satisfactorio en col da empresa que me comprometéin coa patria –de facer imprimir a Historia de Galiza– pero ese compromiso non dependía solo da miña bontade que nunca faltou, si non en primeiro lugar, que de ahí mandaran os traballos debidamente ordenados, e en segundo lugar que a persona que aquí se comprometeu a dirixir a impresión, cumprira.

¿Si os dous puntos esenciais me fallaron que podía facer eu?.

Si co primeiro cumpíin poñendo ahí os fondos necesarios para pagos de mapas e colaboraciónes, co segundo aínda máis, contratando coa imprenta en base a “Maquet” o os detalles elaborados polo mesmo responsable– contratando cos clichés etc, a imprenta aboneille a primeira cuota (\$ 37.500) que creo perdida, fixen entrega de todos os materiais que estaban no meu poder, testos, debuxos, mapas, e nada se fixo, a imprenta dí que se perxudicou coa perda da composición e esixe novo contrato aos novos precios, 15 ou 20 veces máis caros, – ¿podía eu volver a confiar para contratar de novo con novos aportes que tamén se perderían?.-

Cando vostede estivo eiquí, dixen eu en unha xuntanza que a Historia de Galiza se faría e dende entón pasei intres moi amargos, sin saber que facer, –a parte de ahí pensei que podía remediarse pero– ¿Cómo resolver o de aquí, si pensaba que o sucedido tocaba os bordes de un sabotaxe? -.-

Polo espoto darase conta os motivos de non escribirlle, fago oxe ledizoso pola seguridade que teño, e que por fín teremos a Historia de Galiza –gracias a vontade, capacidade e patriotismo de un gran galego, que enterado das dificultades con que eu me encontraba, ofreceuse patrióticamente a encargarse él, de correr cos traballos de impresión, estoume refirindo a Don Luis TOBIO.-

Comprenderá vostede a tranquilidade que oxe enche o meu espírito, –e a alegría que teño en comunicarlle a vostede esta novidade.-

O día 12 de Nadal fumos a Montevideo, Prada, Abreira e eu levándolle a Don Luis TOBIO todo o material que tiña no meu poder –incluso debuxos e mapas– e, o por alí en órden as cousas, notamos que, o seu traballo non está completo, e decir que n imprenta ou en outra parte estraviaron algunhas follas últimas, e como creo que a vostede se lle enviaron as copias da imprenta para correxir, e si non que terá copia do traballo que mandou oportunamente, lle rogo lle faga chegar directamente a Don Luis a parte que el lle pida –pois para que non mande todo, el lle dirá dende que parte en adiante falta.-

Tamén nos falta o mapa xeral de Galiza que era o máis grande e estaba solo en unha carpeta,

ainda temos esperanza de que SEOANE a encontré, e me gustaría si vostede podría averiguar no cartógrafo de Madrid si poderia facer outro mapa, pronto, e canto costaría.-

Infórmolle que a Don Luis TOBIO lle dín amplios poderes para tratar con vostede e con todos os colaboradores e facer baixo a miña responsabilidade económica todo o que sexa necesario o seu parecer para terminar a impresión da Historia e Galiza, de maneira que en adiante todo o que Don Luis resolva ou ordene ten a miña conformidade.-

En próxima carta fareille un detalle de todos os fondos enviados a esa.-

Termiño enviandolle a vostede e a sua dona moitos saudos e augurios para o ano 1961 con un abrazo do seu

S S S

[sen asinar]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.